

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**ADOS LEMBRA A NECESIDADE DE DOAR ESTE VERÁN
COA CAMPAÑA “SÚMATE AO NOSO EQUIPO”**

- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue iniciou en xuño a campaña de doazón no período estival co obxectivo de acadar 30.000 doazóns nos meses de verán

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2021.- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) lembra a necesidade de doar neste mes de agosto e salienta que son precisas doazóns de todos os grupos sanguíneos pero, moi especialmente nestas xornadas, dos grupos Cero Positivo e Cero Negativo.

A campaña “Súmate ao noso equipo”, que abrangue os meses de xuño a setembro, que ten como principal obxectivo acadar ao redor de 30.000 doazóns, o que supón obter entre 400 e 500 doazóns de sangue diarias. Esta cifra é constante todos os días do ano e garante o axeitado desenvolvemento do intenso labor dos hospitais galegos grazas á solidariedade e xenerosidade de toda a cidadanía.

Con esta campaña de verán, a máis longa de todas cantas realiza ao cabo do ano ADOS, tentase chegar a meirande parte dos concellos de Galicia e aproximar o solidario xesto da doazón a todos os galegos e galegas. Ademais, ADOS mantén operativos os seus sete locais de atención permanente nas sete grandes cidades galegas para, deste xeito, ofrecer as máximas facilidades e o mellor servizo a todos os doantes de sangue.

LUGAR	HORARIO
COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas
COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas
HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE (Ferrol)	Luns de 15:00 a 22.00 horas Martes, mércores e xoves das 8.00 ás 15.00 horas Venres das 08.00 ás 22.00 horas
HOSPITAL LUCUS AUGUSTI (Lugo)	Luns e venres das 15.00 ás 22.00 horas Martes, mércores e xoves das 08.00 ás 15.00 horas
COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE (Ourense)	Luns a venres das 08:00 ás 15:00 horas
HOSPITAL PROVINCIAL (Pontevedra)	Luns a venres da 08:00 ás 15:00 horas
HOSPITAL NICOLÁS PEÑA (Vigo)	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas

Ademais, salientar que, ao longo das vindeiras xornadas, efectuaranse os seguintes desprazamentos:

Gabinete de Comunicación de ADOS

DATA	CONCELLOS
Venres 13 de agosto	San Sadurniño, Arteixo, Bº Os Mallos (A Coruña), Noia, Bertamiráns (Ames), Praza Maior (Lugo), O Carballiño, Nigrán, Vilagarcía e Rúa Príncipe (Vigo)
Sábado 14 de agosto	Arteixo, Noia, Praza Maior (Lugo), Nigrán e Vilagarcía
Luns 16 de agosto	Praza de España (Ferrol), Cantón-Obelisco (A Coruña), Malpica de Bergantiños, Milladoiro (Ames), Cacheiras (Teo), Quiroga, Rúa do Paseo (Ourense), O Rosal, Pontecaldelas e Chapela (Redondela)
Martes 17 de agosto	Cariño, Muxía, Culleredo, Milladoiro (Ames), Arzúa, A Silva (Cerdeja), Meira, Amoeiro, Vilamarín, Paderne de Allariz, Pereiro de Aguiar, Salceda de Caselas, Zona Herrería (Pontevedra) e Zona Torrecedeira (Vigo)

Así mesmo, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue quere salientar a importancia de doar durante o período estival, xa que os meses de verán, debido principalmente á deslocalización dos doantes habituais, ofrece dificultades engadidas para o axeitado desenvolvemento das campañas de doazón de sangue e non diminúe a necesidade de compoñentes sanguíneos por parte dos centros hospitalarios galegos.

Agradecementos

Desde ADOS, agradecer sinceramente toda a colaboración brindada por todos os doantes de sangue ao longo de todo o pasado ano 2020, e facer extensivo este agradecemento ás corporacións municipais de todos os concellos galegos que ofreceron todas as facilidades para o axeitado desenvolvemento do labor de captación de doazóns nas unidades móbiles e que permitiu garantir o abastecemento aos nosos hospitais.

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue agarda contar, unha vez máis, coa constante implicación dos doantes, dos concellos e de todos os colectivos que, desde hai case tres décadas, facilitan o desenvolvemento do traballo diario de ADOS e a creación dunha conciencia social favorable á doazón de sangue.

Así mesmo, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue lembra que pon a disposición de toda a cidadanía a súa web <http://ados.sergas.gal>; o enderezo de correo electrónico, doadoressangue.ados@sergas.gal; o teléfono de información gratuito 900 100 828, no cal pode, si así o desexa, solicitar cita previa para maior comodidade; e as súas páxinas en redes sociais como xeito de comunicarse con ADOS ou resolver calquera dúbida relacionada coa doazón.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue

Gabinete de Comunicación de ADOS

Rúa de Xoaquín Díaz de Rábago 2-6 – 15706 Santiago de Compostela
T. 881546900
comunicacion.ados@sergas.gal
ados.sergas.gal

